

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área.*

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 18 de xuño de 2021 (DOG núm. 123, do 30 de xuño), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, dispón que, unha vez realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da súa exposición, con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

De conformidade coa antedita base, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) as puntuacións provisionais da fase de concurso obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área.

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. De conformidade coa base oitava da Resolución do 18 de xuño de 2021, contra os resultados da baremación provisional os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o respectivo tribunal de selección no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tri-



bunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas da fase de concurso, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2022

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

